

Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro, A Coruña, 1962-1986)

**Obra poética:** *Os días olvidados*, 1985. *O corpo e as sombras*, 1985. *A morte presentida*, 1988. *Gramática do silencio. Obra poética*, 1996.

## INÚTIL INSISTENCIA

Perguntar polas cousas, darlles nomes exactos,  
posuir un vento ábrego, un vento feliz  
que consuma a extinción da batalla  
é inútil.

Só quedará unha palabra a alzarse  
nas murallas  
como saída do eco dunha fruta fermosa.

Inútil, alma, será entón  
perguntar polas cousas, polas horas inúteis,  
e comece o lamento de agora  
para o fin dos meus días.

E que nunca sexas tentada  
pola incuria do corpo vencido e infame.

Parte lixeira como parte  
o amor coa alba

a lugares de acougo  
porque inútil será todo o esforzo  
e baleira a ocasión, a insistencia.

(De *A morte presentida*)

Ana Romani (Noia, A Coruña, 1962)

**Obra poética:** *Palabra de mar*, 1987. *Das últimas mareas*, 1994. *Abril*, 1996. *Arden*, 1998.

«*Belas irmás, subide  
ás máis firmes rochas*»

Edith Sódergran

CAMIÑAN descalzas polas rochas,  
pantasma de sal habitan as sombras,  
saben que as últimas mareas  
esqueceron na praia os restos do naufraxio.  
As mulleres recollen cada noite  
os tesouros de auga, líquidos e fráxiles,  
rebélanse contra a Historia,  
constrúen co mar as estatuas  
que nunca permanezan.  
As mulleres de sal, con argazos de sombras,  
xorden das últimas mareas  
e tecen tesouros de auga cada noite  
contra a Historia.  
Elas, que saben que o efémero permanece.

(De *Das últimas mareas*)

Xosé Manuel Millán Otero (Beluso, Pontevedra, 1964)

**Obra poética:** *Este é o tempo do sal*, 1992. *As palabras no espello*, 1995.

PERDIDA CARCASONA A CIDADE OS DIAS  
OS ROSTROS QUE TIVECHES


nunca máis volverás a carcasona  
di adeus á cidade encaramada nos outeiros  
e á que repta e se adelgaza na planície até o horizonte  
e á que pendura do precipicio como agoiro

crerás que foi por desangrares as palabras  
porque é bon inventar o mundo e rostros que o fecunden  
necesário coma un viño tépedo e sal para a viaxe  
aínda que en cada pulsación sexa a morte a que palpita  
cando esixe o seu tributo en cicatrices

todo regresa con vagar para ser cerna  
endurecido talvez no adubo da nortada  
onde o tacto é insensíbel e hai agullas  
afiadas na mesma mola que a carícia  
todo regresa ao seu centro e no seu límite

nunca máis procures carcasona  
hai un bosque entre ti e o que xa fuches  
milenário en húmus terra estéril  
e anoitece con vagar entre os teus ollos.

(De *As palabras no espello*)



Santiago de Compostela